

“ O amor prémíase en Laxe ”



Concello de Laxe

II CERTAME DE DEDICATORIAS
“Dillo ben bonito”

En febreiro ...
2021



Persoas e

dedicatorias premiadas



Premio: 1 noite + almorzo en "Cabanas Narea"

ETERNAMENTE MÁXICO

*Cando o vín xa o sospeitaba,
moita devoción sentín,
Forte, amable e ben xeitoso...
Pouco máis podo pedir!*

*E pérdome cada día
cando miro o seu sorrir,
e atópome se me mira...
Nada máis podo pedir!*

*Vexo luz nos seus luceiros
firmes e á vez escuros,
Vexo auroras boreais no seu
sorriso de marfil,
Mais nunca vín tanta vida en
tan poucos segundos...
Meu amor, miña ledicia,
quéroo sempre xunto a mín!*

Antía Martínez Castro (Laxe)

Premio: 1 noite + almuerzo en "Hotel Casa do Arco"

GAITEIRIÑO, QUÉROTE UN MUNDO

*Grazas, gaiteiriño,
por procurarme sempre o abrigo de Soesto.
Quérote un mundo. A túa toxíña de
mar para dentro.*

María Inmaculada Vilariño Vázquez (Lalín, Pontevedra)





Premio: 1 noite + almuerzo en "Casa rural de Arrueiro"

ANIVERSARIO

*Só quero que saibas que te amo,
este ano douche estas letras no noso aniversario.*

○ 18 de febreiro cumprimos nove anos.

Os mellores anos que puíden pasar contigo.

*Espero que todo isto acabe pronto e poídamos celebralo.
Por moito que busque, non atopo un agasallo axeitado,
algo fermoso e elegante para que poídas levar colgado.*

*Con estas palabras quero felicitarte por aguantarme,
Por estar no bo e sobre todo no malo sen deixarme soa.*

Antía Romero Vázquez (Cabana de Bergantiños)

Premio: 1 noite + almuerzo en “Hospedaxe – Residencia Bahía”

NÓS

*Recordando vellos tempos,
nos que empezaba a me
namorar
estiveras lonxe ou preto,
volvería a te esperar.*

*Lembrei aqueles días,
nos que acostumabamos a
falar,
dos nosos fillos, da nosa vida ...
Por que tiveches que me deixar?*

*Derramando estas bágoas,
evitando non volver a chorar,
ollei as nosas fotos,
do día que decidimos casar.*

*Esperando fronte á fiestra,
pola que nos gustaba mirar,
foches luz, foches o faro,
o único que me soubo guiar.*

Patricia Rivera Vázquez
(Laxe)





Premio: 1 noite + almuerzo en “Hotel Mar de Laxe”

O AMOR, ¿SÍNTELO?

*¿e cómo é o amor?
É difícil de predicir,
é complicado de sentir,
cada un ten a súa vara de medir.*

*¿cómo sabes que estás namorado?
Pois é sinxelo,
é doado,
ponse a mente pousada en branco.*

*¿E cómo sabes que é correspondido?
Cos anos mellora como o viño,
mans frías e corazón quenteño
nunca cerra portas e abre camiños,
dá un alento e deixa un suspiro,
medra forte en regadío,
cose almas con prata e fío.*

Adriana Varela Cambón (Laxe)

Premio: 1 noite + almuerzo en “Hotel Playa de Laxe”



Judith Fernández Santos
(A Coruña)

Luscofusco.


Preferíches restar comigo que sumar con calquera. Hai cartas que nunca chegan ao seu destino porque se chegan, cambian vidas.

Fdo:LavidaesunCAOS





Quén fala do amor




- Quén fala do amor?
- ¡E ti! a persona que me iluzina
que me chama cada día
e que non me olvida.
- Quén fala do amor?
que xuntos formamos o noso niño
o que a este mundo trouxemos,
o noso anxeleño bonito.
- Quén fala do amor?
que non poido vivir sin él
que as volvoetas no estómago
non me deixan vivir.
- Quén fala do amor?
- ¡Pois sii!
Aínda muller namorada.

María Del Mar Toja Pose (Laxe)

Feliz San Valentín

Premio:
1 noite + almuerzo
en
Apartamentos turísticos
"O Pescador"



Premio: 1 noite + almuerzo en "Hotel rústico A Torre de Laxe"

CANDO TODO ISTO PASE..

Quixera percorrer cada centímetro da túa pel acariñando o frescor da brisa e fermosa praia cristalina mirando xuntos aquel belido atardecer.

Ningún empedimento arrebatará todo o meu amor por ti.

Ningunha fochanca, ningunha fronteira...

Non haberá ninguén que te queira desta forma tan enteira.

Serei eu a valente que rompa as regras do que realmente significa: **NAMORARSE!**

*Tania Lema Lema
(Laxe)*



Premio: 1 noite + almuerzo en "Hotel Náutico"

VIÑECHES A MÍN UN DÍA DE AGOSTO,
UNHA MIRADA TÚA XA ME CAUTIVOU,
UN QUEROTE DOS TEUS BEIZOS, XA
ME NAMOROU.
NON PASA UN SO DÍA DESTES 23 ANOS
XUNTOS QUE NON PENSO EN TI.
O MEU CORAZÓN É TEU.
A MIÑA ALMA SEGUIRÁ Á TÚA TODA
A ETERNIDADE. QRT.

Maria Cristina Diaz Mendez
(Laxe)

“ O amor prémíase en Laxe ”



Concello de Laxe

II CERTAME DE DEDICATORIAS
“Dillo ben bonito”

En febreiro ...
2021



Grazas a todas as persoas e
aloxamentos participantes